

Documento distribuído por



# As primeiras docentes de ciencias na Universidade de Santiago de Compostela

**Xoana Pinto; Barral**

Data de publicación: 9-02-2011



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## AS PRIMEIRAS DOCENTES DE CIENCIAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xoana Pintos Barral

Parece que en 1841 Concepción Arenal acudía como oínte á Facultade de Dereito da Universidade Central disfrazándose de home, segundo relata a ensaísta feminista María Laffite Pérez de Pulgar, biógrafa da escritora galega. Este mito mostraba a Concepción Arenal como a *primeira universitaria* de España pero, en calquera caso, nunca se examinaría nin obtería título oficial algún o que non lle impediou converterse nunha experta socióloga e penalista.

Nas últimas décadas do século XIX algunhas mulleres, moi poucas, iniciaron estudos nas diferentes universidades españolas. Desde finais do Sexenio e principios da Restauración, anos nos que teñen lugar as primeiras inscricións femininas en Medicina, ata a segunda década do século XX, a matrícula de mulleres nos estudos de facultade requiría da consulta previa á Administración Central, é dicir, elas non podía matricularse libremente na universidade; se o facían, encontraban grandes dificultades para asistir ás clases. No ano 1882, como ocorrera antes cos institutos, vetouse o seu acceso á universidade. Esta situación - denunciada por Emilia Pardo Bazán- provocou incesantes demandas das mulleres que solicitaban que se derogase esta lexislación, demandas que se resolveron favorablemente coa promulgación da Real Orden de 8 de marzo de 1910 que admitía a súa matriculación nos centros oficiais, e que acaba de cumprir cen anos.

*«Ilmo. Sr: la Real orden de 11 de junio de 1888 dispone que las mujeres sean admitidas a los estudios dependientes de este Ministerio como alumnas de enseñanza privada, y que cuando alguna solicite matrícula oficial se consulte*

*a la Superioridad para que ésta resuelva según el caso y las circunstancias de la interesada.*

*Considerando que estas consultas, si no implican limitación de derecho, por lo menos producen dificultades y retrasos de tramitación, cuando el sentido general de la legislación de Instrucción pública es no hacer distinción por razón de sexos, autorizando por igual la matrícula de alumnos y alumnas.*

*S.M. el Rey (q.D.g.) se ha servido disponer que se considere derogada la citada Real Orden de 1888, y que por los jefes de los Establecimientos docentes se concedan, sin necesidad de consultar a la Superioridad, las inscripciones de matrícula en enseñanza oficial o no oficial solicitadas por las mujeres, siempre que se ajusten a las condiciones y reglas establecidas para cada clase y grupo de estudios".*

A partir desta data, xa acadado o respaldo legal necesario para a súa admisión nas mesmas condicións que os homes, a incorporación das mulleres aos estudos superiores foi maior.

A Universidade de Santiago contaba nese momento con tres centros que impartían estudos científicos, as Facultades de Medicina, Farmacia e Ciencias (posteriormente Química).

Sinalaremos que os estudos realizados non habilitaban para o exercicio profesional ata que nese mesmo ano aparecía publicada a R.O. do 2 de setembro:

*"Ilmo. Sr.: La legislación vigente autoriza a la mujer para cursar las diversas enseñanzas dependientes de este Ministerio; pero la aplicación de los estudios y de los títulos académicos expedidos en virtud de suficiencia acreditada, no suelen habilitar para el ejercicio de profesión ni para el desempeño de Cátedras. Es un contrasentido que sólo por espíritu rutinario puede persistir. Ni la naturaleza, ni la ley, ni el estado de la cultura en España consienten una contradicción semejante y una injusticia tan evidente. Merece la mujer todo apoyo en su desenvolvimiento intelectual, y todo esfuerzo alentador en su lucha por la vida. Por tanto*

*S.M. el Rey (q.D.g.) se ha servido disponer:*

*1º. La posesión de los diversos títulos académicos habilitará a la mujer para el ejercicio de cuantas profesiones tengan relación con el Ministerio de Instrucción Pública.*

*2º. Las poseedoras de títulos académicos expedidos por este Ministerio o por los Rectores y demás Jefes de Centros de enseñanza, podrán concurrir desde esta fecha a cuantas oposiciones o concursos se anuncien o estén anunciados con los mismos derechos que los demás opositores o concursantes para el desempeño efectivo o inmediato de Cátedras y de cualesquiera otros destinos objeto de las pendientes o sucesivas convocatorias.*

*3º. En las inscripciones de matrícula hechas desde el 1º. del corriente se hará constar el reconocimiento de los derechos anteriores”.*

Así, en poucos meses abriuse a posibilidade non só da titulación superior senón do seu exercicio, cando menos, nas areas reguladas polo *Ministerio de Instrucción Pública*: ensino, arquivos e bibliotecas, etc.

### **As primeiras docentes de ciencias na Universidade de Santiago.**

Como xa indicamos ao inicio, debemos salientar a lenta incorporación das mulleres á docencia universitaria. En España dáse ademais a terrible fractura da Guerra Civil xusto no momento en que se producía este espertar, rachando co xermolo intelectual da chamada Idade de Prata da Ciencia española.

Serían docentes de ciencias un pequeno grupo de mulleres, todas elas alumnas da propia Universidade compostelá, e todas elas serían axudantes de clases prácticas antes da Guerra Civil.

Cara 1914 o profesorado auxiliar representaba a segunda categoría dentro da universidade, xa que impartían máis do 50% da docencia. O R.D. do 21 de decembro de 1917 reorganiza este grupo eliminando a figura do ‘profesor numerario auxiliar’ e creando a figura do ‘auxiliar temporal’ cunha dotación de 2000 ptas. anuais. Este decreto é substituído por outro do 9 de xaneiro de 1919 que establece que estas prazas poderán ser cubertas con carácter gratuíto e crea a figura do ‘Axudante de clases prácticas’. O nomeamento era proposto polo catedrático e tiña que ser aprobado pola Xunta de Facultade.

Nesta categoría profesional é onde se enmarcan as primeiras profesoras auxiliares en ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. A primeira docente da que temos constancia é Dolores Lorenzo Salgado nomeada –proposta polo profesor Zurimendi- o 15 de setembro de 1930 para a materia de técnica. De seguida, en 1933 –proposta polo profesor Calvet- noméase axudante de Química Orgánica a Concepción Carnero Valenzuela. Non aparece recollida nos libros de actas o pago de ningunha cantidade, ou sexa que as clases se impartían de forma gratuíta se ben no curso seguinte si que consta que percibirá unha gratificación de 1500 pts.

como axudante na materia de Complementos de Química. Esta mesma docente permanecerá como tal un curso máis.

En 1934, outras tres mulleres serán axudantes de clases prácticas nas materias de Física Teórica e Experimental e Complementos de Física: Antonia Ferrín Moreiras, Elisa Díaz Riva e Sara Soto Noya. Estas tres recentes licenciadas formarán un trío a nivel persoal que, sen dúbida, as manterá tamén unidas a nivel profesional aínda que as traxectorias posteriores de cada unha delas será moi diferente. As tres seguirán a ser axudantes en 1935 aínda que reordenando as prazas; en Matemáticas Especiais Antonia Ferrín Moreiras, en Física Teórica e Experimental de 1º Antonia Ferrín e Elisa Díaz Riva e en Complementos de Física Sara Soto Noya. Estas, ademais de aparecer como axudantes na docencia, aparecen recollidas na acta as axudas destinadas á realización de traballos de investigación. Así, en 1933 e 1934 concédense beca para realizar traballo de investigación na Facultade de Ciencias a Natividad Mejuto e Concepción Carnero.

Para rematar, dúas auxiliares de clases prácticas aparecen na Facultade de Farmacia traballando en colaboración con Aniceto Charro Arias no curso 1933-1934, serían Celsa Pérez Moreiras en Técnica Física e Mª Teresa Fernández en Análise Química.

A lista das docentes da Universidade de Santiago anteriores a 1936 é a seguinte:

Ano	Docente	Departamento
1930	Dolores Lorenzo Salgado	Q.Técnica
1933	Celsa Pérez Moreiras	Técnica Física
1933	Mª Teresa Fernández Rodríguez	Análise Química
1933	Concepción Carnero Valenzuela	Q. Orgánica
1933	Natividad Mejuto Larrauri	Q. Orgánica (bolsa de investigación)
1934	Natividad Mejuto Larrauri	Química Teórica (bolsa de investigación)
1934	Concepción Carnero Valenzuela	Complementos de Química
1934	Antonia Ferrín Moreiras	Física Teórica

1934	Elisa Díaz Riva	Física experimental
1934	Sara Soto Noya	Complementos de Física
1935	Antonia Ferrín Moreiras	Matemáticas Especiais
1935	Antonia Ferrín Moreiras	Física Teórica
1935	Elisa Díaz Riva	Física Experimental
1935	Elisa Díaz Riva	Biología
1935	Sara Soto Noya	Complementos de Física

Os conceptos de bolseiro e de axudante de clases prácticas non están perfectamente definidos xa que, nalgún curso as mulleres indicadas como bolseiras aparecen como axudantes. O carácter moitas veces gratuíto das axudantías fai que os e as investigadores permanecesen na facultade a expensas da decisión da Xunta de Facultade tanto para manter as bolsas e as axudantías como para as posibles remuneracións que estas puideran ter, que sempre sería aproveitando unha mínima parte do orzamento co que contaba a facultade.

De seguida inxerimos unha pequena nota biográfica destas mulleres

### **M<sup>a</sup> TERESA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**

M<sup>a</sup> Teresa Josefa Blanca Fernández Rodríguez naceu en Chantada en 1913. Estudou ata 1928 o bacharelato no Instituto de Lugo. Realiza estudos de Farmacia na Universidade de Santiago licenciándose en xullo de 1932

Publicará en colaboración con A. Charro na revista Anales, tres artigos “Análise dos mostos galegos”, “Composición química de produtos alimenticios galegos” e “Análise das augas mineromedicinais de Galicia”.

## **DOLORES LORENZO SALGADO**

Dolores Lorenzo Salgado naceu en novembro de 1905. Tanto a data como o lugar de nacemento non están perfectamente claras xa que na documentación aparece como nacida en León e, sen embargo, no seu expediente aparece unha certificación na que consta o seu nacemento en Lugo –os seus pais eran naturais de Ourense e veciños de Lugo.

Estuda na Facultade de Ciencias de Santiago (sección Química) dende 1925 a 1930 cun expediente salientable. Ademais realiza estudos simultáneos de Química e de Farmacia.

Realiza o exercicio de reválida (Grao de Licenciado) o 6 de maio de 1931, obtendo a cualificación de sobresaínte.

O 14 de xullo de 1939, solicita traslado de expediente á Facultade de Farmacia de Madrid.

Será unha das cinco primeiras mulleres galegas que publican na revista *Anales de la Sociedad Española de Física y Química* nun momento no que o número de publicacións por parte de mulleres na revista procedía fundamentalmente da Universidade Central e so outras cinco mulleres publicaban dende as universidades periféricas.

Publica en *Anales de la SEFQ*, xunto con Isidro Parga Pondal, en 1930, un traballo titulado “*Sobre la presencia de la Magnetita y de la Ilmenita en las arenas de las playas gallegas*”.

O traballo citado anteriormente será tamén publicado no *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* e no *Chemical Abstract* baixo o título “Magnetite and ilmenite on the northwest coast of Spain”.

## **NATIVIDAD MEJUTO LARRAURI**

Natividad Mejuto Larrauri naceu en Santiago de Compostela en setembro de 1910.

Realizou estudos superiores na Facultade de Química a partir do ano 1928, acadando un brillante expediente académico. Sería bolsaira da facultade de Ciencias no ano 1932. Aparece no ano 1935 asinando un artigo sobre ácidos xunto a Fernando Calvet no *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*.

É presentada como socia á *Sociedad española de Física y Química* (SEFQ) en 1931 publicando na revista *Anales de la Sociedad Española de Física y Química* varios artigos, todos eles en colaboración con Calvet e dende o Laboratorio de Química Orgánica da Facultade de Ciencias de Santiago. Traballaba xuntamente con Concepción Carnero dado que os traballos que publican son continuación uns dos outros. En 1932 aparece en *Anales* “Las Dioxinas 1-3. III. La condensación del p-nitroanisol con el formaldehido y el mecanismo de formación de la 6-nitro-benzo-1,3-dioxina” . En 1934 aparece un novo traballo desta serie titulado “ La condensación del ácido p-hidroxi-benzoico con el formaldehido a baixa temperatura. Las dioxinas 1-3 (VI)”. En 1936 publícase en *Anales* o último traballo de Natividad Mejuto titulado “La condensación del cloral con el ácido salicílico” de novo en colaboración con Fernando Calvet.

Todos estes traballos serán tamén publicados no Chemical Abstracts o que indica a gran calidade científica da investigación que se estaba a realizar na universidade de Compostela, por mulleres, naqueles anos.

Aínda que con data de 10 de abril de 1935 o seu expediente é remitido á Universidad de Madrid, non chegou a incorporarse e, por problemas de saúde, abandonou a súa carreira investigadora.

## **MARÍA DE LA CONCEPCIÓN CARNERO VALENZUELA**

Naceu en Santiago, en decembro de 1909.

Iniciou os estudos na Facultade de Química no ano 1927 rematando en 1931, verificando os exercicios de grao en novembro de 1932 coa cualificación de sobresaínte. No expediente aparecen os exercicios realizados pola alumna no exame de grao. O primeiro exercicio é de Química orgánica, e o tema é *Compuestos heterocíclicos*. O segundo é de Química inorgánica, sendo o tema *Terras escasas*.

Traballou xunto a Fernando Calvet no estudo de dioxinas. Dous traballos aparecen no *Boletín da Universidade de Santiago*: “Las dioxinas 1-3. II. : propiedades y derivados de la benzo-1-3-dioxina” en 1932 e “La obtención de la (alfa-beta)-Nafto-1-3-Dioxina, y su estudio



comparado con el éter metilénico cíclico del Peri-Dioxi-Naftaleno : las Dioxinas-1 -3, V” en 1935.

Estes dous traballos citados son tamén publicados en *Anales de la Sociedad Española de Física y Química* e no *Chemical Abstracts*.

A súa vida profesional vai a estar ligada a súa traxectoria vocacional xa que entra como docente no Colexio de N<sup>a</sup> Señora de los Remedios de Santiago, impartindo as materias de Química, Física, Ciencias Naturais e Matemáticas. Pronto toma a decisión de formar parte da Compañía das Fillas da Caridade, a quen dedicará o resto da súa vida persoal e profesional, sempre traballando na docencia creando e colaborando nas revistas internas do colexio e participando activamente na posta ao día nos seus centros da Lei Xeral de Educación de 1970. Morre no 2001 en Madrid.

## **ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**

Naceu en Ourense en maio de 1914. Aos seis anos trasladouse a vivir a Santiago xunto coa súa familia. No expediente de Antonia aparece reflectido que o seu pai Antonio Ferrín exercía como profesor privado e que tiña outras tres fillas Celsa, María e Pastora. Era docente na Facultade de Farmacia pero os seus ingresos eran moi baixos “cun produto medio de 2.500 pesetas, únicos recursos con que conta para cubrir as necesidades da familia” segundo consta no expediente de Antonia, polo que lle sería concedida a condición de bolsreira.

Antes da Guerra Civil realizou estudos de Ciencias Químicas, acadando o grao de licenciada en maio de 1935. Acababa de licenciarse e xa era profesora axudante de prácticas das materias de Física e Matemáticas na Facultade de Ciencias, posto que compaxinaría co de axudante interina da sección de Ciencias do Instituto de Santiago ata o ano 1936, exercendo en ámbolos dous casos de xeito gratuíto. Ao mesmo tempo, realizaba a carreira de Farmacia e os dous únicos cursos de Ciencias Exactas que se impartían na Universidade de Santiago. Tamén obtivo o título de mestra. En 1937 é sancionada pola súa postura política e apartada da docencia na Universidade xunto con outros 45 profesores. Unha vez finalizada a Guerra a súa causa foi revisada, obtendo a rehabilitación en 1940, o que lle permitiu reincorporarse á docencia na Facultade de Ciencias como profesora axudante de Enrique Vidal Abascal.

Continuou como alumna libre os seus estudos de Ciencias Exactas na Universidade Central, obtendo o título en 1950. Ese mesmo ano o CSIC concedeulle tamén unha bolsa para realizar tarefas de investigación no Observatorio Astronómico, bolsa que en 1952 se converteu nun posto de axudante de investigación.

Ao ano seguinte gaña, por oposición, unha praza de catedrática numeraria de Matemáticas na Escola Normal de Maxisterio de Santander que ocupará durante dous anos. Tras este período regresa a Santiago onde se incorpora por concurso de traslado na Escola Normal.

Foi bolseira do Observatorio da Universidade de Santiago con Ramón María Aller Ulloa, director deste centro e catedrático da US. Este mesmo profesor será quen, a pesares de contar con máis de oitenta anos, lle dirixa a tese de doutoramento *Observaciones de pasos por dos verticales* (Santiago, 1963) que será a primeira tese en Astronomía e a primeira que se defenda na Sección de Matemáticas da USC. Tamén sería profesora axudante de clases prácticas na primeira promoción da Facultade de Matemáticas (1957) desta universidade.

Antonia participou no primeiro congreso de matemáticas en España, en abril de 1963 e nese mesmo ano obtén a Cátedra de Matemáticas na Escola de Maxisterio Santa María de Madrid, trasladándose a vivir a esta cidade. Sería tamén profesora adxunta da Cátedra de Astronomía da Facultade de Matemáticas da Universidade Complutense durante vinte anos. Xubilouse en 1984.

As súas principais achegas á astronomía, fíxoas na súa etapa no Observatorio de Santiago, e consisten en estudos sobre ocultacións estelares, medidas de estrelas dobres e determinación de pasos por dúas verticais.

Unha aula da facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela leva o seu nome.

## **ELISA DÍAZ RIVA**

Elisa Díaz Riva naceu en agosto de 1914 en Santiago, filla dun profesor e director do Instituto compostelán.

Estuda o bacharelato por oficial no Instituto de Santiago conseguindo premio extraordinario. Alí xa coincide cunha das súas grandes amigas na facultade, Natividad Mejuto. Matricúlase na Facultade de Ciencias (Química) realizando os estudos entre 1930 e 1934, ano no que obtén o título de licenciada.

Unha vez rematada a carreira, segundo a súa testemuña persoal - é a única deste grupo de mulleres que segue viva- foi Axudante de Laboratorio de Bioloxía xunto ao profesor Luís Iglesias e tamén no Laboratorio de Física baixo a dirección de Mariano Zurimendi.

Posteriormente gaña a praza de profesora de Física y Química no Instituto de Segunda Enseñanza Pi y Margall de Barcelona, se ben trasladouse ao Instituto de Badalona, onde continuou desempeñando a docencia.

Casada co pontevedrés Laureano Poza Juncal, químico como ela e pertencente a unha destacada familia republicana, este é depurado en 1936 do seu posto na *Escuela Superior de Trabajo* en Vigo, e marchan exiliados a México. Neste país de acollida Elisa continúa exercendo á docencia de Física e Química e, simultaneamente, dedícase á Filosofía Esotérica, formando parte dunha asociación na que desempeñará cargos importantes. Aínda hoxe segue desempeñando unha vida activa aos 96 anos de idade.

## **SARA SOTO NOYA**

Naceu en xuño de 1913 en Santiago, filla dun médico da Mariña Mercante.

Estuda por oficial o bacharelato no Instituto Nacional de 2ª Ensinanza de Santiago de 1924 a 1930 cun expediente salientable. Ingresna na Facultade de Ciencias de Santiago, sección Química, estudando de 1930 a 1935 e realiza os exames correspondentes ao grao de Licenciatura que versan sobre os glaciares, tipos e accións xeolóxicas o exame de xeoloxía e sobre as Leis de Newton e campos gravitatorio e eléctrico ou de física.

Casa con Zoilo Méndez, natural de Córdoba, a quen coñeceu como estudante de Farmacia en Santiago e, despois de varios anos, marchan a vivir a Córdoba onde traballaría na farmacia da que o seu marido era titular. Morreu en maio de 2003.

## **CELSA PÉREZ MOREIRAS**

Celsa Pérez Moreiras naceu en León en decembro de 1912, aínda que seu pai era natural de Ferrol e súa nai de Canedo (Ourense).

Ingresou na Universidade de Santiago en 1928, licenciándose Farmacia no ano 1932. Logo de trasladar o expediente a Madrid en 1935, aparece traballando no Instituto de Patoloxía Médica del Hospital General de Madrid, dirixido por Marañón, publicando a carón deste destacado endocrinólogo dous traballos sobre vitaminas e metabolismo muscular. Sería profesora da Facultade de Farmacia da USC, onde xa aparecía no cadro docente en 1933 como Axudante de Clases Prácticas da materia de Técnica Física. Aparece nunha publicación sobre análise química dos queixos galegos xunto ao catedrático de Farmacia Aniceto Charro, e tamén xunto a el colaborou no Instituto de Estudios Regionales, no Laboratorio de Bromatoloxía, do Seminario de Estudios Galegos. Logo da sublevación de xullo de 1936, coincidiría con Charro Arias traballando no Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago. Morre en Madrid en xullo de 2010.

Desde os inicios da presenza das mulleres na universidade, ata os nosos días, déronse cambios moi importantes, claro está, pero debemos sinalar que non acadamos a plena igualdade en todos os ámbitos universitarios.

No período de 1930 a 1936, a Facultade de Ciencias de Santiago empeza a acoller un número importante de mulleres que traballan en colaboración cos profesores máis significativos. Isto supón a súa incorporación ás sociedades científicas do momento e, o que é máis importante, a publicación dos seus traballos aínda que sempre en colaboración cos seus profesores. Como consecuencia, tamén entran a formar parte dos cadros docentes da Facultade como Profesoras Auxiliares en Prácticas. A importancia deste cargo era tan pouco recoñecida que, aínda que por lei estaba considerado que podían ter un salario, a maioría das veces o desempeñaban de forma totalmente gratuíta. Neste senso os homes que desempeñaban estes cargos sufrían a

mesma situación o que, cando menos, os igualaba a nivel docente. Sen embargo, aínda coa categoría profesional destas investigadoras, un conxunto de feitos que se desenvolveron a partir de 1936 a nivel persoal e social fixo que só unha destas mulleres chegara a desenvolver a súa vida profesional nalgunha universidade. Pasarán aínda bastantes anos ata que isto ocorra e sempre en número claramente inferior a dos compañeiros varóns.

## BIBLIOGRAFÍA

CHARRO ARIAS, A.; PÉREZ MOREIRAS, C.: “Composición química de los quesos gallegos”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, ano 7, n. 23, (1935)

GURRIARÁN, Ricardo: *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940): do influxo institucionalista e a JAE á depuración do profesorado*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2006

LEONARDO DOCANTO, Francisco J.: *La presencia de investigadores de la Universidad de Santiago en la revista Chemical Abstracts entre 1907 y 1945: un indicador de calidad científica*, Tráballo de Investigación Tutelado, 2009 (inédito)

LISTE LÓPEZ, Socorro: *Mulleres galegas en Anales de la Real Sociedad Española de Física y Química entre 1903 e 1936*, Tráballo de Investigación Tutelado, 2009 (inédito)

MEJUTO, Natividad; CALVET, Fernando: “La Condensación del ácido p-Hidroxibenzónico con el Formaldehído, a baja temperatura: las dioxinas 1-3 VI”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, ano 7, n. 23 (1935)

PINTOS BARRAL, Xoana: *A incorporación das mulleres aos estudos científicos na Universidade de Santiago de Compostela (1910-1931)*, Tráballo de Investigación Tutelado, 2009 (inédito)

VVAA: *Anales de la Sociedad Española de Física y Química*, Real Sociedad Española de Física y Química, (1930,1932,1936)

## Documentos

AHUS (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago)

Libro de Actas da Facultade de Ciencias. 1904-1935. AHUS. Fondo Universitario. Serie xeral A 109.

Legaxo 205, expedientes persoais nº 5

Legaxo 314, expedientes persoais nº 18

Legaxo 415, expedientes persoais nº 1

Legaxo 752, expedientes persoais nº 2

Legaxo 845, expedientes persoais nº 8

Legaxo 1069, expedientes persoais nº 20